


ELECCIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO




iniciativa feminista

c o n t a o !

O PROXECTO DE
POLÍTICA FEMINISTA

PARA TODAS
PARA TODOS

www.iniciativafeminista.es



iniciativa feminista

O PROXECTO DE POLÍTICA FEMINISTA

INICIATIVA FEMINISTA constituíuse como partido político o pasado 23 de outubro de 2008. A nosa meta é acadar representación en todos aqueles órganos de xestión política onde se decide, organiza e legisla sobre os intereses da cidadanía e, polo tanto, das mulleres.

INICIATIVA FEMINISTA xurdiu en Suecia, no ano 2005, como un proxecto de acción política feminista, non só local, senón co obxectivo de estenderse aos distintos países de Europa e do Mundo.

INICIATIVA FEMINISTA, tomando como referencia o proxecto sueco e co seu estímulo, foi constituída en España para **CONCORRER ÁS PRÓXIMAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO**, previstas para o 7 de xuño de 2009

IMOS PARTICIPAR NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO porque o feminismo é un movemento democrático global capaz de superar as estruturas patriarcais que manteñen a metade da humanidade, as mulleres, en arcaicas e inxustas condicións de desigualdade cultural, educativa, económica, social e política.

INICIATIVA FEMINISTA PRESENTASE ÁS ELECCIÓNS PARA FACER PROPOSTAS LEXISLATIVAS QUE CONDUZAN A UNHA EUROPA SEN DISCRIMINACIÓN DE XÉNERO. E iso require:

- Garantir o dereito das mulleres a vivir sen violencia de xénero.
- Erradicar a precariedade laboral e a discriminación salarial que padecen as mulleres.
- Que o coidado e atención de tod@s @s miembr@s dependentes do grupo deixe de ser unha responsabilidade exclusiva das mulleres e sexa asumida por servizos públicos de calidade.

En definitiva, a igualdade entre os sexos é un obxectivo inaplazable; unha prioridade en todas as actuacións lexislativas, políticas, económicas e sociais que se desenvolvan en Europa.

O PROXECTO FEMINISTA PARA EUROPA

www.iniciativafeminista.es

do 8 de marzo ao 7 de xuño